prieto e santiago

concello de CARBALLO

# M.P. Nº 11 PXOM CARBALLO PARA MODIFICACIÓN DO Nº DE PLANTAS NUNHA MAZÁ NA RÚA SAN MARTIÑO

## DOCUMENTO PARA APROBACIÓN INICIAL

## MEMORIA INFORMATIVA

PROMOTOR: CONCELLO DE CARBALLO

EQUIPO REDACTOR:

SARA PRIETO HORTAS

RUBÉN SANTIAGO TOJO

CVD: cMhhlftJOooEzzuInCaE Verificable na Sede electrónica do organismo https://sede.carballo.gal/
Carmen del Río Rodríguez
Secretaria Xeral
Data sinatura: 17/09/2026 09:31:00
Motivo: Modificación Puntual Nº11 do PXOM de Carballo (expediente 2026/U032/000001). Documento de aprobación inicial. Pleno municipal en sesión ordinaria do 07/09/2026 (punto 4 da acta da sesión). Concello de Carballo. A secretaria, Carmen del Río Rodríguez
RUBEN SANTIAGO TOJO
Redactor
Data sinatura: 21/07/2026

# 15019_MP11PXOM_202607_AI_MX_01INF

# MEMORIA INFORMATIVA - INDICE

**MEMORIA INFORMATIVA ..... 2**

1. DATOS XERAIS. AXENTES INTERVENIENTES. ..... 2

2. ANTECEDENTES. OBXECTIVO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL. LEXISLACIÓN URBANÍSTICA DE APLICACIÓN. ..... 2

3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL. ..... 4

4. ESTADO ACTUAL. USOS DO SOLO. CARACTERÍSTICAS DAS EDIFICACIÓNS EXISTENTES NO ÁMBITO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL E NA SÚA CONTORNA. ..... 5

4.1. TOPOGRAFÍA. ..... 5

4.2. USOS DO SOLO. ELEMENTOS NATURAIS E CONSTRUCIÓNS EXISTENTES. ..... 5

5. SITUACIÓN DOS TERREOS AFECTADOS POLA MODIFICACIÓN PUNTUAL NO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL. ..... 6

6. SITUACIÓN DOS TERREOS AFECTADOS POLA MODIFICACIÓN PUNTUAL NOS PLANEAMENTOS ANTERIORES. ..... 9

6.1. NORMAS SUBSIDIARIAS E COMPLEMENTARIAS DO PLANEAMENTO DO TERMO MUNICIPAL DE CARBALLO. 1984. ..... 9

6.2. PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CARBALLO. 2003. ..... 10

7. IDENTIFICACIÓN DAS AFECCIÓNS DERIVADAS DA NORMATIVA SECTORIAL QUE INCIDEN NO ÁMBITO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL E NA SÚA CONTORNA. ..... 10

7.1. AFECCIÓN EN MATERIA DE AUGAS. ..... 11

7.2. AFECCIÓN CORRESPONDENTE Á CONCESIÓN MINEIRA. ..... 11

8. DETERMINACIÓNS ESTABLECIDAS POLOS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO QUE INCIDEN NO ÁMBITO DA M.P. ..... 12

9. ESTUDO DA PAISAXE. ..... 12

9.1. CARACTERIZACIÓN TERRITORIAL DA PAISAXE. ..... 14

9.2. ANÁLISE DA VISIBILIDADE. ..... 15

9.3. IMPACTOS PAISAXÍSTICOS. ..... 16

9.4. MEDIDAS A ACADAR. ..... 16

10. ANÁLISE DE RISCOS. ..... 16

11. AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DA MP. ..... 16

11.1. INICIO DA TRAMITACIÓN. ..... 16

11.2. CONSULTAS. ..... 17

11.3. RESOLUCIÓN. ..... 17

**ANEXO I: FOLLA Nº 3 DE 6 DOS PLANOS DE ORDENACIÓN DO PERÍMETRO URBANO DAS NNSS DO 1984. ..... 18**

**ANEXO II: FOLLA Nº 5 DOS PLANOS DE CALIFICACIÓN DO SOLO, USOS PORMENORIZADOS, ALIÑACIÓNS, ALTURA DA EDIFICACIÓN, REDE VIARIA E APARCADOIROS DO SOLO URBANO. ..... 19**

CVD: cMhhlftJ0ooEzzuInCaE Verificable na Sede electrónica do organismo https://sede.carballo.gal/
Carmen del Río Rodríguez RUBEN SANTIAGO TOJO
Secretaria Xeral Redactor
Data sinatura: 17/09/2026 09:31:00 Data sinatura: 21/07/2026
Motivo: Modificación Puntual Nº11 do PXOM de Carballo (expediente 2026/U032/000001). Documento de aprobación inicial. Pleno municipal en sesión ordinaria do 07/09/2026 (punto 4 da acta da sesión). Concello de Carballo. A secretaria, Carmen del Río Rodríguez

# MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS FINS E OBXECTIVOS DA MODIFICACIÓN PUNTUAL, ASÍ COMO DAS SÚAS DETERMINACIÓNS. PARTE INFORMATIVA

## MEMORIA INFORMATIVA

1. DATOS XERAIS. AXENTES INTERVENIENTES.

- PROMOTOR: O promotor da presente modificación puntual do plan xeral de Carballo (MP) é o Concello de Carballo, con domicilio na Casa Consistorial sita na Praza do Concello, s/n, Carballo. 15100 A Coruña.
- EQUIPO REDACTOR: Redactan a presente modificación os/as arquitectos/as Sara Prieto Hortas e Rubén Santiago Tojo, colexiados nº 4754 e 5012 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), con domicilio profesional a efectos de notificacións na rúa Rafael Alberti 33 7ºC. 15008 de A Coruña.

2. ANTECEDENTES. OBXECTIVO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL. LEXISLACIÓN URBANÍSTICA DE APLICACIÓN.

O plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carballo (PXOM) aprobouse definitivamente por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG 26-02-2016 e BOP 03-02-2016). Trátase dun plan xeral adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG). O presente borrador corresponde á onceava modificación puntual deste plan xeral.

O obxectivo da modificación puntual (MP) é formular unha corrección no PXOM referente as alturas que afectan basicamente á cartografía. A planimetría do PXOM que se vai a alterar é a referente aos planos de *Clasificación do Solo e Sistemas Xerais* (follas C-06) e o de *Ordenación e Xestión do solo urbano de Carballo* (CA-11). O aspecto a corrixir por medio do presente instrumento de planeamento e que é o seguinte: corrixir a diverxencia de alturas e nº de andares nunha mesma mazá de escasas dimensións coa finalidade de unificar o seu tratamento urbanístico e evitar a aparición de crebas e medianís vistos cara a unha zona verde pública.

Trátase dunha corrección técnica de carácter puntual e está orientada a garantir a coherencia urbanística e a seguridade xurídica na aplicación do PXOM, pero tamén altera moi lixeiramente un dos parámetros fundamentais do planeamento: a capacidade residencial, polo que se reflectirá no apartado correspondente da memoria xustificativa que se manteñen as condicións de calidade de vida e cohesión social e que as reservas de solo necesarias para a implantación dos sistemas xerais seguen cumprindo os parámetros fixados na LSG e no RLSG.

Para establecer unha altura máxima unificada da mazá obxecto desta MP consideraremos como punto de partida varias fontes:

- Planeamento municipal anterior ao actual (Normas Subsidiarias do ano 1980 (NNSSMM-80) e plan xeral de ordenación municipal do ano 2003 (PXOM-2003).
- Ortofotos das series históricas do PNOA.

CVD: cMhhlftJ0ooEzzuInCaE Verificable na Sede electrónica do organismo https://sede.carballo.gal/
Carmen del Río Rodríguez RUBEN SANTIAGO TOJO
Secretaria Xeral Redactor
Data sinatura: 17/09/2026 09:31:00 Data sinatura: 21/07/2026
Motivo: Modificación Puntual Nº11 do PXOM de Carballo (expediente 2026/U032/000001). Documento de aprobación inicial. Pleno municipal en sesión ordinaria do 07/09/2026 (punto 4 da acta da sesión). Concello de Carballo. A secretaria, Carmen del Río Rodríguez

- Realidade física e xurídica
- Datos que figuran na sede do catastro.

Para a formulación da presente modificación tense en conta o disposto nos artigos 83 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 200 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG):

***Artigo 200. Modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico***

*1. Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas (artigo 83.1 da LSG).*

*2. A alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión deles ou mediante a modificación dalgún dos seus elementos (artigo 83.2 da LSG).*

*3. Enténdese por revisión do planeamento xeral a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo, motivada pola elección dun modelo territorial distinto, pola aparición de circunstancias sobrevidas, de carácter demográfico ou económico, que incidan substancialmente sobre a ordenación ou polo esgotamento da súa capacidade (artigo 83.3 da LSG).*

*4. Nos demais supostos, a alteración das determinacións do plan considerarase como modificación deste, aínda cando a dita alteración implique cambios na clasificación, na cualificación do solo ou na delimitación do ámbito dos polígonos (artigo 83.4 da LSG).*

*5. A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación (artigo 83.5 da LSG).*

*6. No caso das modificacións do planeamento xeral que teñan por obxecto a delimitación do solo de núcleo rural de acordo co establecido no artigo 23 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e artigo 34 deste regulamento, tramitaranse seguindo o procedemento establecido no artigo 78 da dita lei e 191 deste regulamento (artigo 83.6 da LSG).*

*O mesmo procedemento será de aplicación para o suposto de modificacións das delimitacións de núcleos rurais, así como as que afecten as súas ordenanzas reguladoras.*

En relación ao establecido neste artigo compre facer as seguintes consideracións:

1. O interese público resulta evidente xa que a alteración do PXOM proposta está fundamentada na consecución de tres obxectivos que mellorarán a imaxe urbana e darán congruencia ao tratamento urbanístico desta mazá respecto do previsto no PXOM:
   a. Unificar o número de andares nun cuarteirón de escasas dimensións para conseguir a uniformidade volumétrica e evitar a aparición de crebas e medianís vistos cara á zona verde pública do *Parque de San Martiño* (SX-EL-0770).
   b. Unificar o tratamento deste cuarteirón co lindeiro polo leste a fin de conseguir un fronte con alturas uniformes fronte ao Parque do San Martiño.

   Os obxectivos a) e b) están dirixidos a dar cumprimento ao disposto na directriz **DX.06j)** das *Directrices da paisaxe de Galicia* aprobadas por Decreto 238/2020, do 29 de decembro.

CVD: cMhhlftJOooEzzuInCaE Verificable na Sede electrónica do organismo https://sede.carballo.gal/
Carmen del Río Rodríguez RUBEN SANTIAGO TOJO
Secretaria Xeral Redactor
Data sinatura: 17/09/2026 09:31:00 Data sinatura: 21/07/2026
Motivo: Modificación Puntual Nº11 do PXOM de Carballo (expediente 2026/U032/000001). Documento de aprobación inicial. Pleno municipal en sesión ordinaria do 07/09/2026 (punto 4 da acta da sesión). Concello de Carballo. A secretaria, Carmen del Río Rodríguez

*DX.06j) (N) Debe perseguirse a **uniformidade volumétrica e tipolóxica das edificacións, cando menos en cada recinto delimitado polo viario (cuarteirón)** ou en partes del con entidade superficial suficiente. Para isto é determinante unha adecuada parcelación dos soares, en canto a forma, dimensión e disposición das parcelas. **Resulta particularmente harmoniosa, nas tipoloxías de cuarteirón, a existencia de frontes de cuarteirón con alturas uniformes, así como a ausencia de medianís vistos**.*

2. A alteración do plan xeral proposta non supón a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo, senón unha corrección na uniformidade do número de plantas obrigatorio na mazá obxecto desta MP.
3. Increméntase moi lixeiramente a capacidade residencial prevista no plan xeral pero segue a superarse a reserva mínima do sistema xeral de dotacións disposta na LSG tal e como se reflicte na memoria xustificativa deste documento, garantindo a calidade de vida e a cohesión social.

Por todo o anterior o trámite urbanístico axeitado para realizar a presente alteración do PXOM de Carballo é o da modificación puntual.

## 3. ÁMBITO DE ACTUACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL.

O ámbito da modificación puntual está formado polos terreos que conforman parte da mazá indicada nos apartados anteriores e que da fronte as rúas San Martiño e Río Deza do núcleo urbano da vila de Carballo, que coinciden coas parcelas catastrais e unha parte do viario que se relacionan a continuación:

| | REF. CATASTRAL | SUPERFICIE | SUPERFICIE NO ÁMBITO |
|---|---|---|---|
| 1 | 5243101NH2854S0001AF | 197,00 m² | 197,00 m² |
| 2 | 5243102NH2854S0001BF | 124,00 m² | 124,00 m² |
| 3 | 5243103NH2854S0001YF | 140,00 m² | 140,00 m² |
| 4 | 5243104NH2854S0001GF | 142,00 m² | 142,00 m² |
| 5 | 5243106NH2854S0001PF | 243,00 m² | 241,50 m² |
| | VIARIO | - | 10,50 m² |
| | TOTAL CATASTRO | 846,00 m² | |
| | **TOTAL ÁMBITO** | | **855,00 m²** |

Este ámbito de actuación da MP identifícase no plano de información 15019_MP11PXOM_202607_AI_PINF_03CAT do que se extrae a ilustración que se achega a continuación.

CVD: cMhhlftJ0ooEzzuInCaE Verificable na Sede electrónica do organismo https://sede.carballo.gal/
Carmen del Río Rodríguez RUBEN SANTIAGO TOJO
Secretaría Xeral Redactor
Data sinatura: 17/09/2026 09:31:00 Data sinatura: 21/07/2026
Motivo: Modificación Puntual Nº11 do PXOM de Carballo (expediente 2026/U032/000001). Documento de aprobación inicial. Pleno municipal en sesión ordinaria do 07/09/2026 (punto 4 da acta da sesión). Concello de Carballo. A secretaria, Carmen del Río Rodríguez

*Ámbito da MP sobre plano catastral superposto sobre cartografía catastral.*

Os lindeiros do ámbito da modificación puntual son os seguintes:

- Norte: Viario, Rúa San Martiño, que separa a mazá obxecto desta MP de o SX-EL 0770.
- Sur: parcelas con referencia catastral: 5243111NH2854S, 5243110NH2854S, 5243109NH2854S, 5243108NH2854S e 5243107NH2854S.
- Este: Viario, Rúa Río Deza.
- Oeste: Viario, Rúa San Martiño.

## 4. ESTADO ACTUAL. USOS DO SOLO. CARACTERÍSTICAS DAS EDIFICACIÓNS EXISTENTES NO ÁMBITO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL E NA SÚA CONTORNA.

### 4.1. TOPOGRAFÍA.

Tal e como se pode apreciar no plano 15019_MP11PXOM_202607_AI_PINF_02AMB, o ámbito da MP, amosa practicamente unha pendente nula N-S, posto que as cotas taquimétricas van dende os +100,00 a +101,80, e dicir, nunha distancia de 35 ml a pendente descende arredor de 2 m, o que se correspondería cunha pendente do 5,70 %. Non se observan dentro do ámbito puntos elevados ou depresións que rompan coa pendente uniforme sinalada con anterioridade.

### 4.2. USOS DO SOLO. ELEMENTOS NATURAIS E CONSTRUCIÓNS EXISTENTES.

Segundo a información do SIOSE_5K, referente á cobertura e usos do solo nos concellos costeiros de Galicia, os terreos do ámbito da MP correspóndese cunha cobertura de zona verde artificial e arboredo urbano.

CVD: cMhhlftJOooEzzuInCaE Verificable na Sede electrónica do organismo https://sede.carballo.gal/
Carmen del Río Rodríguez RUBEN SANTIAGO TOJO
Secretaria Xeral Redactor
Data sinatura: 17/09/2026 09:31:00 Data sinatura: 21/07/2026
Motivo: Modificación Puntual Nº11 do PXOM de Carballo (expediente 2026/U032/000001). Documento de aprobación inicial. Pleno municipal en sesión ordinaria do 07/09/2026 (punto 4 da acta da sesión). Concello de Carballo. A secretaria, Carmen del Río Rodríguez

*Ámbito da MP sobre mapa do SIOSE 5K*

Na prospección e recoñecemento visual do ámbito realizada no mes de agosto de 2025 púidose observar que actualmente, e dende fai case vinte anos, estes solares están pavimentados e conforman unha zona de estacionamento de vehículos que forma parte do sistema de aparcadoiros libre que o concello de Carballo puxo en marcha en solares privados mediante o sistema de contrato civil de comodato cos titulares das fincas.



*Imaxes do estado actual do ámbito, utilización do espazo como estacionamento libre.*

## 5. SITUACIÓN DOS TERREOS AFECTADOS POLA MODIFICACIÓN PUNTUAL NO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

O plan xeral de ordenación municipal de Carballo aprobouse definitivamente por Orde do 4 de febreiro de 2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (DOG Núm. 39 de 26-02-2016 e BOP Núm. 38 de 26-02-2016). Trátase dun planeamento adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUG).

CVD: cMhhlftJOooEzzuInCaE Verificable na Sede electrónica do organismo https://sede.carballo.gal/
Carmen del Río Rodríguez
Secretaria Xeral
Data sinatura: 17/09/2026 09:31:00
Motivo: Modificación Puntual Nº11 do PXOM de Carballo (expediente 2026/U032/000001). Documento de aprobación inicial. Pleno municipal en sesión ordinaria do 07/09/2026 (punto 4 da acta da sesión). Concello de Carballo. A secretaria, Carmen del Río Rodríguez
RUBEN SANTIAGO TOJO
Redactor
Data sinatura: 21/07/2026

Segundo consta na folla C-06. dos planos de CLASIFICACIÓN DO SOLO E SISTEMAS XERAIS do PXOM, os terreos están clasificados como solo urbano consolidado (SUC).




*Extracto do plano de clasificación e sistemas xerais do PXOM (ver planos da MP-05)*

A normativa urbanística de aplicación no ámbito da MP está no CAP. 2 – ZONA RESIDENCIAL INTENSIVA, en concreto no artigo 316 que se transcribe a continuación.

***Art. 316.- Ordenanza zonal 2. Zona residencial intensiva - Vivenda colectiva en Carballo.***

*Comprende ás areas grafiadas nos planos de ordenación do solo urbano do núcleo de Carballo co código 2. Esta ordenanza recolle a edificación colectiva que se desenvolve en mazá pechada compacta, en mazá pechada con patio, ou en bloque acaroado.*

*A. XENERALIDADES.*

*Tipoloxía edificatoria: Edificación colectiva en mazá pechada compacta e mazá pechada con patio,*

*B. CONDICIÓNS DOS USOS.*

*1. Uso característico: Residencial colectivo*

*2. Usos compatibles: Os usos compatibles poderán ocupar o 100% da edificación cumprindo as condicións do seu uso, e as condicións de ordenación da presente ordenanza residencial intensiva.*

*- Industrial: Categorías A.*
*- Servizo terciario: Hoteleiro e Residencial comunitario, Comercial na categoría A, B e C, Administrativo todas as categorías. O uso comercial en categoría B terá un límite de superficie de 2.500 m2.*
*- Uso garaxe-aparcadoiro: Categoría A, B e C.*
*- Espectáculos e actividades recreativas: en planta baixa, semisoto e primeira:*

- *Categoría Bl, excepto palacios de exposicións, áreas de xogo e centros comerciais*
- *Categoría B2: solo permitidos os ximnasios*
- *Categoría B3: excepto tómbolas e similares*
- *Categorías B4 e B5: permitidos todos*

*- Equipamentos. Todos, excepto os Servizos Funerarios que unicamente se admiten en categorías A e B.*

*3. Usos prohibidos: todos os demais.*

*C. CONDICIÓNS DE ORDENACIÓN E EDIFICACIÓN.*

CVD: cMhhlftJOooEzzuInCaE Verificable na Sede electrónica do organismo https://sede.carballo.gal/
Carmen del Río Rodríguez RUBEN SANTIAGO TOJO
Secretaria Xeral Redactor
Data sinatura: 17/09/2026 09:31:00 Data sinatura: 21/07/2026
Motivo: Modificación Puntual Nº11 do PXOM de Carballo (expediente 2026/U032/000001). Documento de aprobación inicial. Pleno municipal en sesión ordinaria do 07/09/2026 (punto 4 da acta da sesión). Concello de Carballo. A secretaria, Carmen del Río Rodríguez

*1. Parcela mínima edificable: Admitirase a edificación sobre parcela existente conforme o establecido nas condicións de parcela edificable definida na presente normativa.*

*2. Fronte mínimo de parcela a vía pública: 12 m para novas parcelacións.*

*3. Rasantes da parcela: As existentes, no caso de non ser fixadas nos planos correspondentes.*

*4. Permítese mancomunar zonas, como por exemplo garaxes no soto, patios de mazá e espazos libres privados.*

*5. Aliñacións e recuamentos a fachada principal: En caso de parcelas sen edificar ou en renovación das edificacións, as aliñacións serán as indicadas nos planos do Plan Xeral e terán carácter obrigatorio. En caso de rehabilitación de construcións en parcelas edificadas, será de aplicación o réxime de fora de ordenación prevista neste PXOM.*

*6. Recuamentos:*

*- É obrigatorio ocupar a totalidade do fronte de parcela en todas as alturas, agás no caso de deixar espazo libre de uso privado acordo as liñas de fachada indicadas nos planos de ordenación.*
*- A liña de fachada axustarase á aliñación oficial, agás no caso das afeccións das vfas reguladas pola normativa sectorial correspondente.*
*- O recuamento ata o lindeiro posterior ven determinado polo fondo edificable.*

*7. Ocupación máxima de parcela: será a que resulte de aplicar os fondos edificables, indicados nos planos de ordenación e nas ordenanzas de aplicación.*

*8. Edificabilidade máxima: será a que resulte de aplicar as condicións de alturas e fondos edificables, indicados nos planos de ordenación e nas ordenanzas de aplicación. O computo de edificabilidade realizarase acordo a lexislación urbanística vixente.*

*9. Número de plantas: O sinalado nos planos de ordenación para cada un dos frontes de fachada segundo tramos de rúas. O número de plantas ten carácter obrigatorio.*

*10. Altura máxima da edificación:*

*H-N* 3,10 + 3,80*
**sendo N= Numero de plantas por encima da planta baixa*

*11. Fondo edificable.*

*- En planta soto: os solares serán edificables en todas a súa superficie dende a aliñación exterior da rúa ata todos os seus límites, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
*- En planta baixa: 30 metros dende a aliñación, medidos en perpendicular á mesma.*
*- En planta alta: 20 metros dende a aliñación, medidos en perpendicular á mesma.*

*12. Baixo cuberta: Autorizase a utilización do baixo cuberta como local habitable podendo realizarse unha vivenda independente desvinculado do piso inferior, computando edificabilidade na superficie con altura libre superior a 1,80 m, sen contabilizarse no número de plantas e respectando o resto das condicións de volume e habitabilidade de acordo co establecido na normativa vixente en materia de habitabilidade.*

*13. Corpos voados: Permítense os corpos voados á vía pública sempre que cumpran as condicións para os mesmos recollidas na presente normativa. Permítese corpos voados na fachada traseira nos edificios que non conformen mazá pechada, contra os solos rústicos ou contra ordenanza de distinta tipoloxía co fin de conformar unha fachada principal.*

*En ningún caso os corpos voados superarán a liña límite de edificación determinada pola regulamentación sectorial das estradas.*

*14. O Concello deberá velar pola estética dos conxuntos edificatorios, esixindo o tratamento das traseiras como fachadas, principalmente no caso de que a parte posterior da parcela linde con outra parcela regulada por distinta ordenanza, minimizando así o impacto visual.*

*D. OUTRAS CONDICIÓNS.*

*1. Cubertas: A formación de cuberta definida na presente normativa para vivenda colectiva.*

*2. Prazas de aparcamento: Establecerase unha praza por cada 100m2 de superficie construída ou fracción, e como mínimo 1,2 prazas por vivenda, formalizándose en garaxe de carácter privado en plantas soto, agás que a*

CVD: cMhhlftJ0ooEzzuInCaE Verificable na Sede electrónica do organismo https://sede.carballo.gal/
Carmen del Río Rodríguez RUBEN SANTIAGO TOJO
Secretaría Xeral Redactor
Data sinatura: 17/09/2026 09:31:00 Data sinatura: 21/07/2026
Motivo: Modificación Puntual Nº11 do PXOM de Carballo (expediente 2026/U032/000001). Documento de aprobación inicial. Pleno municipal en sesión ordinaria do 07/09/2026 (punto 4 da acta da sesión). Concello de Carballo. A secretaria, Carmen del Río Rodríguez

*xeometría da parcela imposibilite a implantación das prazas de garaxe dentro da edificación, o que deberá xustificarse debidamente no proxecto técnico.*

*3. Rehabilitacións: En caso de rehabilitación de construcións en parcelas edificadas, eliminaranse das fachadas os elementos desacordes coa tipoloxía edificatoria e coa estética das fachadas, tales como engadidos de ladrillo, bloque de formigón, cemento visto, etc., así como antenas, tendidos, ou calquera tipo de instalación vista cuxa colocación sexa inadecuada ou estea fora de servizo.*

*4. Medianeiras: Os acabados e materiais das medianeiras que fiquen vistas temporalmente, será similar ó das fachadas. Os proxectos técnicos que se presenten no Concello co obxecto de solicitar licenza, deberán incluír na súa documentación gráfica a definición desta medianeira, co obxecto de asegurar a correcta estética da mesma durante o período en que se manteña á vista.*

*5. Determinacións de composición: As edificacións de nova planta que formen conxuntos deberán asegurar a coherencia formal do conxunto, polo que se cumprirán as seguintes directrices na composición das fachadas:*

*- Continuidade da liña de cornixa.*
*- Uniformidade no ritmo de ocos e balcóns.*
*- Continuidade na liña inferior dos corpos voados medianeiras.*
*- En caso de que, pola configuración da mazá, as fachadas posteriores queden vistas, deben ser tratadas como fachadas principais, en canto a materiais, acabados e composición.*
*Os proxectos técnicos que se presenten no Concello co obxecto de solicitar licenza, deberán incluír na súa documentación gráfica un alzado de conxunto para asegurar a integración da edificación.*

*6. Poderase construír plantas de soto ou semisoto, sen que se admitan nelas os usos habitables, e non computarán a efectos do número de plantas. Computará edificabilidade as superficies construídas nas plantas en subsolo coa excepción das superficies destinadas a garaxes, trasteiros menores de 10 m2 vinculados á vivenda ou instalacións de servizo como calefacción, electricidade, gas ou análogas.*

*E. CONDICIÓNS PARTICULARES DAS ZONAS RESIDENCIAIS CON SOPORTAIS.*

*A maiores das determinacións contidas na ordenanza de vivenda colectiva e do artigo de soportais contido na presente normativa deberá terse en conta as seguintes determinacións particulares:*

***Ámbito de aplicación***

*Rúas Vázquez de Parga e Camiño Novo no núcleo de Carballo, e en xeral todas as sinaladas nos planos de ordenación.*

***Definición***

*Estas condicións particulares recollen as zonas residenciais xa configuradas con formación de soportais en planta baixa, conectando entre si as edificacións lindeiras de forma que configuren un recorrido peonil continuo que amplíe a capacidade da beirarrúa, permitindo a circulación de peóns paralela á fachada da edificación, coas seguintes condicións:*
*- O fondo libre dos soportais medidos dende a aliñación de fachada será de 2,50 m.*
*- A separación mínima entre eixes de piares será de 4,00 m.*
*- A separación máxima entre eixes de piares será de 8,00 m.*
*- A altura mínima libre no interior do soportal medida sobre a rasante da beirarrúa será de 3,60 m.*
*- O soportal terá a mesma rasante que a beirarrúa correspondente.*
*- O soportal será considerado como superficie privada de uso público en superficie.*

## 6. SITUACIÓN DOS TERREOS AFECTADOS POLA MODIFICACIÓN PUNTUAL NOS PLANEAMENTOS ANTERIORES.

### 6.1. NORMAS SUBSIDIARIAS E COMPLEMENTARIAS DO PLANEAMENTO DO TERMO MUNICIPAL DE CARBALLO. 1984.

As Normas subsidiarias e complementarias do termo municipal de Carballo foron aprobadas definitivamente pola comisión provincial de urbanismo en sesión de data 12 de abril de 1984.

CVD: cMhhlftJ0ooEzzuInCaE Verificable na Sede electrónica do organismo https://sede.carballo.gal/
Carmen del Río Rodríguez RUBEN SANTIAGO TOJO
Secretaría Xeral Redactor
Data sinatura: 17/09/2026 09:31:00 Data sinatura: 21/07/2026
Motivo: Modificación Puntual Nº11 do PXOM de Carballo (expediente 2026/U032/000001). Documento de aprobación inicial. Pleno municipal en sesión ordinaria do 07/09/2026 (punto 4 da acta da sesión). Concello de Carballo. A secretaria, Carmen del Río Rodríguez

Segundo consta na folla nº 3 de 6 dos planos de ORDENACIÓN DO PERÍMETRO URBANO, os terreos obxecto desta MP tiñan definido un único número de plantas máximo permitido para a totalidade da mazá: B+4 alturas, a mesma que as mazás lindeiras.



*Extracto da folla nº 3 de 6 dos planos de Ordenación do perímetro urbano das NNSS do 1984.*

6.2. PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE CARBALLO. 2003.

O plan xeral de ordenación municipal de Carballo aprobouse definitivamente o 20 de maio de 2003 (DOG de 14 de xullo de 2003 e BOP de 23 de xuño de 2003).

Segundo consta na folla 05 dos planos de CALIFICACIÓN DO SOLO, USOS PORMENORIZADOS, ALIÑACIÓNS, ALTURA DA EDIFICACIÓN, REDE VIARIA E APARCADOIROS DO SOLO URBANO do PXOM, os terreos obxecto desta MP tiñan definido un único número de plantas máximo permitido para a totalidade da mazá: B+4 alturas, a mesma que as mazás lindeiras.




*Extracto da folla nº 5  dos planos do solo urbano do PXOM 2003.*

7. IDENTIFICACIÓN DAS AFECCIÓNS DERIVADAS DA NORMATIVA SECTORIAL QUE INCIDEN NO ÁMBITO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL E NA SÚA CONTORNA.

Para a identificación das afeccións da normativa sectorial sobre o ámbito do plan especial consultáronse os visores do Plan Básico Autonómico (PBA) e de Augas de Galicia. As afeccións sobre o ámbito da MP son  debidas ao río Anllóns que descorre polo norte do ámbito da MP, así como a correspondente á concesión mineira “Virgen de la Estrella” (AC/B/01006).

CVD: cMhhlftJOooEzzuInCaE Verificable na Sede electrónica do organismo https://sede.carballo.gal/
